

18ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Asunto: convocatoria da 18ª sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia

Data: 5 de xullo de 2024

Lugar: mixta: presencial e a través de videoconferencia

Hora: 12:00 horas

Hora de remate: 14:00 horas

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura. Presidente
2. Mª Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos. Secretaria
3. Mª del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Centros Museísticos. Vogal
4. Mª del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia. Vogal
5. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia. Vogal [Telemática]
6. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de sección do Arquivo Territorial de Pontevedra, vogal.
7. Mª Asunción Liñares Castro, Auditora da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio. Vogal [Telemática].
8. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo. Vogal [Telemática]
9. José Luis Castro Carpintero. Arquivo do Arquivo da Deputación de Pontevedra, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Vogal. [Telemática].
10. Susana Díaz García, arquivista do Arquivo Municipal de Foz, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Vogal [Telemática]
11. Desirée Domínguez Pallas, Directora do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela. En representación do Consello Galego de Universidades. Vogal. [Telemática].
12. Mª Isabel Novo Castro. Letrada da Asesoría Xurídica de cultura, vogal. [Telemática]

Xustifican ausencia

1. José Mª Barreiro Díaz, director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.
2. Pilar Cagiao Vila. Profesora titular de Hª Contemporánea da USC.
3. Dolores Lestón Suárez. Arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza na Coruña.
4. Mª Aránzazu Portabales Santomé, subdirectora xeral de Fiscalización e Control Interno.





Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

2. Renovación de membros

3. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

Arquivo Territorial de Pontevedra

- Expedientes de avaliación das bolsas e axudas do Ministerio de Educación ao estudo nos niveis non universitarios (Cód. AA6313)

Arquivo de Galicia

- Acceso, admisión e matrícula de alumnado en centros educativos sostidos con fondos públicos (AA6274)
- Rexistros de entrada e saída de documentos (AA6310)

4. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

4.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Arquivo do Reino de Galicia

- Expedientes de xestión de prestacións da lei de integración social de minusválidos (LISMI) (Cód. AA 712).

Táboa T0054. DOG do 25 de febreiro de 2021

Datas extremas: 1992-2002

Volume a eliminar: 37 unidades de instalación

- Expedientes de axudas ao fomento da estabilidade laboral. (Cód. AA05711)

Táboa T0087. DOG do 26 de xaneiro de 2023

Datas extremas: 1999-2002

Volume a eliminar: 616 unidades de instalación

Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Arquivo Territorial de Pontevedra

- Expedientes de xestión do imposto de transmisións patrimoniais de determinados medios de transporte usados entre particulares

Táboa T0017, DOG do 23 de maio de 2019

Datas extremas: 1987-2013

Volume a eliminar: 1299 unidades de instalación

Arquivo Municipal de Baiona

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalías). (Cód. AL548).

Táboa T007, DOG do 1 de febreiro de 2018

Datas extremas: 1938-2014

Volume a eliminar: 152 unidades de instalación

Arquivo de Galicia





- Expedientes de concursos de traslados do persoal docente de ensinanzas medias (Cód. AA0268)

Táboa: T0014. DOG do 23/05/2019

Datas extremas: 2018

Volume a eliminar: 73 unidades de instalación

4.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, Ciencia e Universidades . Arquivo territorial de Pontevedra.

- Expedientes de avaliación das bolsas e axudas do Ministerio de Educación nos niveis non universitarios

Datas extremas: 2005-2018

Volume a eliminar: 2038 unidades de instalación

5. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Queda aprobada a acta da sesión anterior.

2. Renovación de membros

O director xeral de Cultura da conta do cambio dalgúns membros deste consello:

Renovación automática da Presidencia que lle corresponde á persoa titular do órgano superior competente en materia de arquivos e patrimonio documental: cesa Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Novo presidente: José López Campos, Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

Renovación automática da Vicepresidencia, que lle corresponde á persoa titular do órgano de dirección competente en materia de avaliación e reforma administrativa no ámbito do sector público autonómico de Galicia: cesa Jesús Oitavén Barcala. Novo vicepresidente: José María Barreiro Díaz.

Renovación representantes das Universidades galegas: por proposta do Consello Galego de Universidades noméase como Vogal titular a Desirée Domínguez Pallas, directora do Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela. [asiste en modo telemático] E como Vogal suplente a Beatriz Sogo López, xefa de sección do arquivo universitario da Universidade de Vigo.

3. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

O presidente pasa a palabra a Alfonso Cascudo que comenta a serie documental: Expedientes de avaliación das bolsas e axudas do Ministerio de Educación ao estudo nos niveis non universitarios.

Apróbase a proposta.





A continuación toma a palabra Mar García e explica as propostas presentadas polo Arquivo de Galicia: "Acceso, admisión e matrícula de alumnado en centros educativos sostidos con fondos públicos" e "Rexistros de entrada e saída de documentos".

Respecto da primeira serie documental, Désirée Domínguez apunta que na Universidade de Santiago están a preparar unha proposta de estudo que contempla, en principio, separar o proceso de preinscrición e admisión do relativo á matrícula por ser procedementos administrativos moi diferenciados no eido universitario segundo indicaron as responsables dos servizos implicados. En canto á eliminación, a Secretaría Xeral da USC aconsella establecer un prazo medio de 6 anos ou ata a expedición do título universitario, debido a que tiveron procesos contenciosos en relación a expedición de titulacións que precisaron da reconstrución documental desde o momento da admisión e matrícula da persoa litigante.

Apróbanse as dúas propostas

4. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

O director xeral de Cultura da conta da relación de propostas de eliminación que xa figuran na orde do día.

M^a del Carmen Calviño fai unha observación en relación á proposta presentada polo Arquivo Territorial de Pontevedra, da Táboa T0017. A proposta de eliminación inclúe as datas extremas dende o ano 1987, pero no estudo de avaliación non se fixo excepción polo que a eliminación ten que ser a partir do ano 1990.

Anxo Lorenzo conclúe que hai que actualizar as datas extremas ao ano 1990 e o volume a eliminar.

5. Rolda de intervencións

Non hai cuestións

ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior
2. Aprobar as propostas de avaliación de series documentais presentadas polo Arquivo Territorial de Pontevedra e polo Arquivo de Galicia.
3. Aprobar as propostas de eliminación de documentos presentadas.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 14:00 horas

Santiago de Compostela,

Vº e praxe

A secretaria

O presidente

María Josefa Piñón López

Anxo M. Lorenzo Suárez

